

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co artigo 1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan de:

- A) A Constitución.
- B) O Estatuto de Autonomía.
- C) O pobo.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. De acordo co artigo 15 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, sinala cal dos seguintes NON é un principio xeral da acción preventiva:

- A) Evitar os riscos.
- B) Combater os riscos unha vez se produzan.
- C) Planificar a prevención.
- D) Dar as debidas instrucións aos/ás traballadores/as.

3. Segundo o artigo 3 da Lei Xeral de Sanidade, as políticas de saúde:

- A) Integrarán activamente nos seus obxectivos o principio de igualdade entre mulleres e homes.
- B) Estarán orientadas á superación de desequilibrios económicos.
- C) Estarán orientadas á protección de determinados segmentos da poboación.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

4. Segundo o artigo 17 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, NON é un dereito do persoal estatutario:

- A) Protección eficaz en materia de seguridade e saúde.
- B) Estabilidade no emprego.
- C) Promoción interna.
- D) Encadramento no Réxime Especial da Seguridade Social.

5. Son funcións da consellería competente en materia de sanidade, conforme ao artigo 31 da Lei de Saúde de Galicia:

- A) As intervencións que supoñan exercicio de autoridade necesarias para garantir a tutela xeral da saúde.
- B) A ampliación, cando proceda, do catálogo de prestacións básicas ofrecidas polo Sistema Nacional de Saúde.
- C) A fixación de obxectivos de mellora da saúde, de garantía de dereitos sanitarios e da sustentabilidade financeira do sistema.
- D) Todas as respostas son correctas.

6. Conforme ao artigo 30 da Lei de Saúde de Galicia, sinala a afirmación NON correcta respecto do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) Non se inclúen nel as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- B) É o mesmo que o Servizo Galego de Saúde.
- C) É parte integrante do Sistema Nacional de Saúde.
- D) A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas competencias e funcións sobre o mesmo, de conformidade coas leis.

7. A provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde réxese polo seguinte principio básico:

- A) Planificación eficiente das necesidades de recursos humanos.
- B) Igualdade.
- C) Publicidade.
- D) Todas as respostas son correctas.

8. Sinale a resposta NON correcta en relación coa historia clínica:

- A) Debe ser claramente lexible.
- B) É un documento confidencial propiedade do paciente.
- C) Do seu contido mínimo forma parte a evolución clínica.
- D) O persoal sanitario que exerza funcións de acreditación e planificación ten acceso ás historias clínicas en cumprimento das súas funcións.

9. De conformidade co artigo 20 da Constitución Española, NON forma parte da liberdade de expresión:

- A) A liberdade de cátedra.
- B) A produción e creación científica.
- C) A liberdade de residencia.
- D) Todas as respostas son correctas.

10. De conformidade co artigo 9 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, poderase nomear persoal interino nos seguintes supostos:

- A) Existencia de praza vacante.
- B) Execución de programas de carácter temporal.
- C) Exceso ou acumulación de tarefas.
- D) Todas as respostas son correctas.

Preguntas de reserva

1. O artigo 42 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, determina como unha das retribucións básicas do persoal estatutario:

- A) As indemnizacións por razón do servizo.
- B) As pagas extraordinarias.
- C) Os quinquenios.
- D) A produtividade.

2. O reingreso ao servizo activo do persoal estatutario que non teña reservada praza efectuarase:

- A) Mediante a súa participación nun concurso de traslados.
- B) Provisionalmente en calquera praza vacante do seu grupo profesional de clasificación.
- C) Con carácter provisional na área sanitaria de orixe ou limítrofes.
- D) Ningunha resposta é correcta.